

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

4293 *Real decreto 191/2011, do 18 de febreiro, sobre Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos.*

O Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguridade alimentaria, supuxo o punto de partida para o establecemento dun novo marco de regulación da actividade alimentaria, fixando novos conceptos de referencia e definindo elementos comúns para o conxunto do ámbito alimentario. Neste sentido, foron fundamentais as definicións de «alimento (ou produto alimenticio)», «empresa alimentaria» e «comercio ao retallo» dadas neste regulamento.

Vallan como exemplos de produtos incluídos expresamente na definición de «alimento» as bebidas, a goma de mascar e calquera substancia, en particular a auga, incorporada voluntariamente ao alimento durante a súa fabricación, preparación ou tratamento. Entre as exclusións encontramos os animais vivos, salvo que estean preparados para seren comercializados para consumo humano, ou as plantas antes da colleita.

Pola súa parte, o Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, exige que o operador de empresa alimentaria notifique, ante a autoridade competente, as empresas que estean baixo o seu control e que desenvolvan algunha actividade na produción, transformación e distribución de alimentos, co fin de proceder ao seu rexistro. Este regulamento establece o requisito engadido de autorización pola autoridade competente para aqueles casos previstos no Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal.

Así mesmo, o extenso desenvolvemento legislativo dos últimos anos relacionado cos produtos alimenticios destinados a unha alimentación especial, cos biocidas e cos materiais que poidan entrar en contacto cos alimentos, ten en consideración a necesidade de manter un rexistro actualizado con información referida a determinados produtos e empresas. Porén, a organización dun rexistro para estes produtos debería ter en conta, primeiro, que o Real decreto 2685/1976, do 16 de outubro, polo que se aproba a Regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de preparados alimenticios para réximes dietéticos e/ou especiais, modificado, entre outros, polo Real decreto 1809/1991, do 13 de decembro, que incorporou ao dereito español a definición comunitaria de produtos alimenticios destinados a unha alimentación especial, establece as categorías de produtos que por ser obxecto dunha regulación específica non requiren a súa inscrición a menos que o indiquen as súas normas específicas; segundo, que a lexislación vixente en materia de biocidas xa prevé un rexistro das empresas que fabriquen e comercialicen estas substancias, cando se destinen, entre outros usos, ao seu emprego na industria alimentaria, que funciona desde o ano 2002, ademais de que o control oficial das empresas que fabrican ou comercializan produtos químicos, como son deterxentes, desinfectantes e praguicidas de uso na industria alimentaria, está enfocado pola perigosidade das substancias que fabrican e, por tanto, non se xustifica a necesidade do seu rexistro por razóns de seguridade alimentaria; e, terceiro, que o Regulamento (CE) n.º 1935/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de outubro de 2004, sobre os materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con alimentos, non se aplica ás empresas dedicadas ás materias primas ou ás actividades mineiras que subministran ao fabricante os produtos que finalmente entrarán en contacto cos alimentos.

En España, a diferenza doutros Estados membros, pódese afirmar que existe unha ampla experiencia no rexistro de empresas e produtos a través dunha ferramenta administrativa que funcionou durante máis de trinta anos, que é o Rexistro Xeral Sanitario de Alimentos, cuxa última regulación se realizou mediante o Real decreto 1712/1991, do 29 de novembro. Este real decreto exixía, como elemento clave para o funcionamento das empresas alimentarias en España, a autorización sanitaria previa por parte das autoridades competentes para o funcionamento de calquera tipo de empresa.

A finalidade última destes rexistros no ámbito da seguridade alimentaria, de calquera ámbito territorial, é a protección da saúde a través da información actualizada das vicisitudes das empresas que interveñen no mercado, de maneira que se garanta unha adecuada programación dos controis oficiais e, pola súa vez, constituía un elemento esencial para os servizos de inspección, asegurando a posibilidade de actuar con rapidez e eficacia naqueles casos en que existe un perigo para a saúde pública, sen que se obstaculice a libre circulación de mercadorías. Todo isto de conformidade co Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais.

Ante estas circunstancias, dado o tempo transcorrido desde a aprobación do Real decreto 1712/1991, do 29 de novembro, e tendo en conta a existencia dun novo marco normativo comunitario en materia de seguridade alimentaria, faise preciso ditar un novo real decreto que simplifique o procedemento establecido en España para rexistrar, con carácter nacional e público, as empresas implicadas na cadea alimentaria, excepto a produción primaria, que xa conta cos seus propios rexistros de explotacións, así como os produtos destinados a unha alimentación especial que resulte pertinente, as augas minerais naturais e as augas de manancial. Neste sentido, este real decreto adécuase, igualmente, ás exixencias derivadas da incorporación ao ordenamento xurídico español da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, que motivou a modificación do artigo 25 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Non obstante, carece de sentido incluír no rexistro nacional as tendas retallistas, restaurantes, cafetarías, bares, panadarías, pastalarías, comedores de centros escolares ou hospitais e outros establecementos cuxa actividade principal é a venda ao retallo ou o servizo *in situ* ao consumidor final ou a colectividade que comercializan nun ámbito local, incluíndo as zonas de tratamento alfandegueiro especial, xa que para eles resulta suficiente un rexistro de ámbito territorial autonómico.

O rexistro xeral debe utilizar unha terminoloxía axustada aos conceptos de referencia establecidos na lexislación comunitaria, e debe prever a posibilidade de coordinar a información recollida en distintos rexistros administrativos que afectan os operadores ao longo da cadea alimentaria.

Finalmente, esta nova disposición adóptase con carácter regulamentario xa que, de acordo co Tribunal Constitucional, se considera que este real decreto constitúe un complemento indispensable para asegurar o mínimo común denominador establecido nas normas nacionais e comunitarias que resultan de aplicación á materia regulada.

Este real decreto foi sometido ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, pola que se establece un procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas, modificada pola Directiva 98/48/CE, do 20 de xullo de 1998, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, que incorpora estas directivas ao ordenamento xurídico español.

Na súa elaboración foron consultadas as comunidades autónomas, así como os sectores afectados, e a Axencia Española de Protección de Datos e a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiron informe.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de febreiro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto, ámbito e natureza do Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos.*

1. O Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos, no sucesivo Rexistro, adscrito á Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, ten como finalidade a protección da saúde pública e dos intereses dos consumidores, facilitando o control oficial das empresas, establecementos e produtos sometidos a inscrición segundo o disposto nos artigos 2 e 3.

2. O Rexistro terá carácter nacional e considerárase un rexistro unificado de ámbito estatal, no cal se incluírán os datos que constan nos rexistros xestionados polos órganos competentes das comunidades autónomas. Ademais, todas as administracións públicas prestarán a súa colaboración para conseguir a maior eficacia e exactitude do Rexistro, así como para dar publicidade adecuada aos seus datos, sen prexuízo dos límites establecidos pola normativa de aplicación ao tratamento dos datos de carácter persoal.

3. O Rexistro terá carácter público e informativo e constituirase como base de datos informatizada.

4. A inscrición no Rexistro non exclúe a plena responsabilidade do operador económico respecto do cumprimento da lexislación alimentaria.

Artigo 2. *Empresas e establecementos alimentarios suxeitos a inscrición.*

1. Inscibiranse no Rexistro cada un dos establecementos das empresas alimentarias ou, no caso de que estas non teñan establecementos, as propias empresas, sempre que reúnan os seguintes requisitos:

a) Que a sede do establecemento ou a sede ou domicilio social da empresa que non teña establecemento estea en territorio español.

b) Que a súa actividade teña por obxecto:

1.º Alimentos ou produtos alimenticios destinados ao consumo humano.

2.º Materiais e obxectos destinados a estar en contacto con alimentos.

3.º Coadxuvantes tecnolóxicos utilizados para a elaboración de alimentos.

c) Que a súa actividade se poida clasificar nalgunha das seguintes categorías:

1.º Producción, transformación, elaboración e/ou envasado.

2.º Almacenamento e/ou distribución e/ou transporte.

3.º Importación de produtos procedentes de países non pertencentes á Unión Europea.

2. Quedan excluídos da obriga de inscrición no Rexistro, sen prexuízo dos controis oficiais correspondentes, os establecementos e as súas empresas titulares no suposto de que exclusivamente manipulen, transformen, envasen, almacenen ou sirvan alimentos para a súa venda ou entrega *in situ* ao consumidor final, con ou sen repartición a domicilio, ou a colectividade, así como cando estes subministren outros establecementos destas mesmas características, e se trate dunha actividade marxinal en termos tanto económicos como de produción, respecto da realizada por aqueles, que se leve a cabo no ámbito da unidade sanitaria local, zona de saúde ou territorio de iguais características ou finalidade que defina a autoridade competente correspondente.

Estes establecementos deberanse inscribir nos rexistros autonómicos establecidos para o efecto, logo de comunicación do operador da empresa alimentaria ás autoridades competentes en razón do lugar de instalación do establecemento. Non obstante, cando se trate de establecementos nos cales se serven alimentos *in situ* a colectividades, a comunicación será feita polo titular das instalacións.

Artigo 3. *Produtos alimenticios suxeitos a inscrición.*

Inscribiranse no Rexistro os seguintes produtos alimenticios:

- a) Os destinados a unha alimentación especial, cando a súa normativa específica así o dispoña.
- b) As augas minerais naturais e as augas de manancial cuxa extracción se efectúe no territorio nacional, así como as extraídas en países terceiros, tras o seu recoñecemento como tales polo Estado español, salvo que xa fosen recoñecidas por outro Estado membro da Unión Europea.

Artigo 4. *Definicións.*

Para efectos deste real decreto serán aplicables as definicións previstas nos artigos 2 e 3 do Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguridade alimentaria, e as recollidas no artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios.

Artigo 5. *Contido do Rexistro.*

1. Serán obxecto de asento no Rexistro:

a) O inicio das actividades das empresas e establecementos relacionados no artigo 2.1, para cuxo efecto se practicará a correspondente inscrición de acordo co procedemento establecido no artigo 6.

Non obstante, o establecemento que se dedique, exclusivamente, ao almacenamento ou depósito de produtos envasados, pertencente a unha empresa que posúa no territorio da mesma comunidade autónoma un establecemento de produción, transformación, elaboración ou envasado, non será obxecto de inscrición independente senón que figurará anotado na deste último establecemento.

b) A posta no mercado dos produtos alimenticios para unha alimentación especial e a autorización ou recoñecemento das augas minerais naturais e das augas de manancial, para cuxo efecto se practicará a correspondente inscrición de acordo co procedemento establecido nos artigos 7 e 8.

c) A modificación de calquera dos datos da información obrigatoria necesaria para a inscrición das empresas e establecementos alimentarios, recollidos no artigo 6, e dos produtos alimenticios para unha alimentación especial e das augas minerais naturais e das augas de manancial, previstos nos artigos 7 e 8.

d) O cesamento definitivo da actividade económica das empresas e establecementos, que dará lugar á cancelación da inscrición.

e) O cesamento da comercialización dos produtos alimenticios para unha alimentación especial e das augas minerais naturais e das augas de manancial, que darán lugar á cancelación da inscrición.

2. A inscrición das empresas, establecementos e produtos a que fan referencia as letras a) e b) do número 1 practicarase por instancia dos operadores de empresa alimentaria.

3. Os operadores de empresa alimentaria deberán comunicar á autoridade competente as circunstancias a que fan referencia as letras c), d) e e) do número 1.

Recibida a comunicación, a inscrición será obxecto de modificación ou cancelación rexistral, segundo os casos. Non obstante, cando a circunstancia comunicada afecte algunha das empresas, establecementos e produtos suxeitos a autorización administrativa, a modificación ou cancelación rexistral só se producirá tras a constatación da dita circunstancia polas autoridades competentes.

4. A modificación ou cancelación rexistral poderase practicar de oficio cando se constate a inexactitude dos datos da inscrición ou a concorrencia dalgunha das circunstancias recollidas nas letras d) e e) do número 1.

En todo caso, esta modificación poñerá de manifesto aos interesados ou, se for o caso, aos seus representantes, que poderán alegar e presentar as xustificacións e documentos que consideren pertinentes.

Artigo 6. Procedemento para a inscrición, modificación e cancelación rexistral das empresas e establecementos alimentarios.

1. A presentación dunha comunicación previa ás autoridades competentes será condición única e suficiente para que se tramite a inscrición das empresas e establecementos no Rexistro e simultaneamente se poida iniciar a actividade, sen prexuízo dos controis que posteriormente se poidan levar a cabo. A información que o operador da empresa debe achegar será a seguinte: o seu nome ou razón social, o NIF, NIE ou CIF, o obxecto de todas as súas actividades e a sede do establecemento ou, no caso de empresas que non posúan ningún establecemento, o domicilio social.

No caso dos establecementos a que fai referencia o artigo 4.2 do Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, o operador deberá presentar unha solicitude de inscrición para que as autoridades competentes da comunidade autónoma procedan á súa autorización. Neste caso, a información que deberá subministrar a autoridade sanitaria competente á Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición para a inscrición será a prevista no parágrafo anterior.

2. A comunicación previa ou a solicitude de inscrición, así como a comunicación de modificación de calquera dos datos de información obrigatoria sinalados no número anterior ou do cesamento definitivo de actividade económica dos establecementos, presentaranse ante a autoridade competente da comunidade autónoma por razón do lugar da súa instalación, na forma que esta dispoña. No caso das empresas que non posúan ningún establecemento, dirixiranse á autoridade competente da comunidade autónoma en que se encontre o seu domicilio social.

3. Unha vez recibida a comunicación previa ou, se for o caso, autorizada a inscrición solicitada, as comunidades autónomas comunicaran a Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición, que procederá á súa inscrición no Rexistro e á asignación do número de identificación de carácter nacional. O Rexistro comunicará á comunidade autónoma correspondente o número de identificación, dentro dos quince días hábiles seguintes ao da recepción da documentación.

4. Así mesmo, a comunicación de modificación dos datos da información obrigatoria necesaria para a inscrición ou da resolución de cancelación da inscrición por cesamento definitivo da actividade económica serán remitidas á Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición para os efectos do correspondente asento rexistral.

Artigo 7. Procedemento para a inscrición, modificación e cancelación rexistral de produtos alimenticios para unha alimentación especial.

1. Os produtos alimenticios para unha alimentación especial inscribíranse no Rexistro cando así o dispoña a súa normativa específica, logo de comunicación da primeira posta no mercado nacional por parte do operador de empresa alimentaria.

2. A comunicación da primeira posta no mercado español de produtos de fabricación nacional ou procedentes doutro Estado membro da Unión Europea, cuxo fabricante ou

responsable teña a súa sede ou domicilio social no territorio español, realizárase, con carácter previo ou simultáneo a esa primeira comercialización, ante a autoridade competente da comunidade autónoma por razón do lugar de instalación da súa sede ou domicilio social, na forma en que esta dispoña. Como información obrigatoria deberase presentar un modelo da etiquetaxe do produto.

A autoridade competente da comunidade autónoma resolverá sobre a adecuación do modelo de etiquetaxe presentado á normativa específica de cada un dos produtos comunicados. Esta resolución, xunto co modelo de etiquetaxe, será remitida á Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición, que procederá a inscribir o produto no Rexistro e asignarlle, se for o caso, o número de identificación de carácter nacional, que será comunicado á comunidade autónoma correspondente dentro dos quince días hábiles seguintes ao da recepción da documentación.

3. A comunicación da primeira posta no mercado nacional de produtos procedentes doutros Estados membros da Unión Europea, cuxo fabricante ou responsable non teña a súa sede ou domicilio social en España, ou de países terceiros, presentarase ante a Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición, directamente no seu rexistro ou en calquera outro lugar dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, acompañada dun modelo de etiquetaxe do produto. Así mesmo, poderase realizar a comunicación por vía electrónica, de conformidade co establecido polo Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

4. No caso de produtos xa comercializados na Unión Europea, a comunicación co modelo da etiquetaxe do produto acompañarase da indicación da autoridade destinataria da primeira comunicación.

5. A comunicación de modificación da información da etiquetaxe dos produtos comportará a presentación da nova etiqueta. Así mesmo, deberase comunicar o cesamento de comercialización dos produtos. En ambos os casos, a comunicación realizarase de conformidade cos números 2 e 3, para os efectos do correspondente asento rexistral.

Artigo 8. Procedemento para a inscrición, modificación e cancelación rexistral das augas minerais naturais e augas de manancial.

1. As augas minerais naturais e as augas de manancial inscribíranse no Rexistro:

a) No caso de que a extracción se efectúe no territorio nacional, unha vez que a autorización de aproveitamento concedida pola autoridade mineira competente se publique no «Boletín Oficial del Estado», de conformidade co establecido na normativa aplicable.

b) No caso de que sexan extraídas en países terceiros, tras o seu recoñecemento como tales polo Estado español.

A inscrición das augas minerais naturais, conforme a normativa de aplicación, será requisito imprescindible para a súa comunicación á Comisión Europea para os efectos da publicación no «Diario Oficial de la Unión Europea».

2. A solicitude de inscrición de augas minerais naturais e de augas de manancial extraídas en territorio nacional, así como a comunicación de modificación de datos, presentarase ante a autoridade competente da comunidade autónoma por razón do lugar de localización do manancial ou da captación, na forma que esta dispoña.

O expediente de inscrición, unha vez avaliado e resolto pola comunidade autónoma, remitirase á Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición, que procederá a inscribir o produto no Rexistro e a asignarlle o número de identificación de carácter nacional, que será comunicado á comunidade autónoma correspondente dentro dos quince días hábiles seguintes ao da recepción da documentación.

Así mesmo, a comunicación de modificación dos datos da inscrición e a resolución de baixa da inscrición por revogación da autorización administrativa de aproveitamento das augas minerais naturais e de manancial serán remitidas á Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición para os efectos do correspondente asento rexistral.

3. A solicitude de inscrición, así como a comunicación de modificación de datos de augas minerais naturais e de augas de manancial de países terceiros, presentaranse ante a Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición, directamente no seu rexistro ou en calquera outro lugar dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Así mesmo, poderán remitirse por vía electrónica, de conformidade co establecido polo Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 9. *Certificacións.*

A Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición facilitará a quen o solicite certificacións dos datos que constan no Rexistro, sen prexuízo dos límites establecidos pola normativa de aplicación ao tratamento dos datos de carácter persoal.

Disposición adicional primeira. *Inscrición de empresas e establecementos doutros Estados membros.*

No Rexistro tamén se poderán inscribir as empresas e establecementos situados en calquera outro Estado membro da Unión Europea que voluntariamente o soliciten á Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición, directamente no seu rexistro ou en calquera outro lugar dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Para tal efecto, xuntarán á súa solicitude unha certificación oficial do organismo competente do país onde estea localizada a empresa ou establecemento en que se faga constar que estes se encontran legalmente establecidos. Así mesmo, poderán remitilas por vía electrónica, de conformidade co establecido polo Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

En caso de haber algunha dúbida, a citada Axencia iniciará as xestións necesarias para proceder a un exame máis detallado do asunto en colaboración coas autoridades do Estado membro en que estea situada a empresa ou establecemento, quedando en suspenso a tramitación da inscrición.

Para os efectos previstos no artigo 6, os titulares das empresas ou establecementos inscritos no Rexistro ao abeiro desta disposición adicional deberán dirixir as comunicacións que afecten a súa situación rexistral á Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición.

Disposición adicional segunda. *Coordinación.*

O Rexistro coordinarase cos restantes rexistros existentes de empresas e produtos implicados na cadea alimentaria, co fin de asegurar a unidade de datos, economía de actuacións e eficacia administrativa.

Disposición adicional terceira. *Rexistro de establecementos de comercio ao retallo de carnes frescas e dos seus derivados.*

Os establecementos incluídos no ámbito de aplicación do Real decreto 1376/2003, do 7 de novembro, polo que se establecen as condicións sanitarias de produción, almacenamento e comercialización das carnes frescas e dos seus derivados nos establecementos de comercio ao retallo, quedarán sometidos ao procedemento de comunicación previa e inscrición nos rexistros autonómicos previsto no artigo 2.2 deste real decreto.

Disposición transitoria única. *Vixencia das inscricións previas.*

As inscricións de empresas, establecementos e produtos que na actualidade figuran no Rexistro continuarán tendo plena validez, sen prexuízo de que as autoridades competentes deban realizar de oficio, se for necesario, as correccións oportunas para a súa adecuación ao disposto neste real decreto e, se for o caso, proceder á cancelación

daquelas que non deban constar nel, a partir da súa entrada en vigor, particularmente as de empresas e establecementos que teñan como obxecto da súa actividade os deterxentes, desinfectantes e praguicidas de uso na industria alimentaria.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogados o Real decreto 1712/1991, do 29 de novembro, sobre Rexistro Xeral Sanitario de Alimentos, o artigo 5 do Real decreto 3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas, e o parágrafo primeiro do artigo 4 do Real decreto 1376/2003, do 7 de novembro, polo que se establecen as condicións sanitarias de produción, almacenamento e comercialización das carnes frescas e dos seus derivados nos establecementos de comercio ao retalho, coa excepción dos tres últimos parágrafos da letra c).

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de febreiro de 2011

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade,
Política Social e Igualdade
LEIRE PAJÍN IRAOLA